Primeiro Semestre 2012 Nº 25

O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

¡¡¡Benvido, Couso 3G!!!

Limiar

Vamos a estar xuntos cada seis meses, e faremos todo o posibel para que sexa con puntualidade, e pedimos que todo aquel, que queira publicar calquer artículo, nos o faga chegar a traves de calquera dos membros da Directiva. Agradecemos de anteman a colaboración.

Xa era ora de poder dispoñer de conexión a internet de algún modo e por fin chegou algo decente coma o 3G, isto si que foi o premio gordo, pero non o da lotería, coincidindo no mesmo día, 22 de decembro e sobre as sete e media da tarde, algen se levou unha grande sorpresa ao comprobar que a velocidade de tartaruga coa que se traballaba hasta aquel momento de repente tornouse mais que lebre, o final de ano como prometeran chegou, **benvido, Couso 3G.**

Neste exemplar:

1 Limiar
2 Programación Semestral
3 De Couso Guláns a Couso Galán. **(Por Belén Groba)**
4 As tendas de Couso **(por Pablo Carballido)**
8 Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL
1º SEMESTRE 2012

Sementeira Do Centeo 2012 	**Sábado 14 de Xaneiro** **Hora as 16:30 da tarde** **Lugar Centro Cultural**
Asamblea Ordinaria Anual	**Sábado, 21 de Xaneiro** **Hora as 18:30 da tarde** **Lugar Centro Cultural**
Carnaval en Couso Carnaval en Gulans	**Xa concretaremos fechas** **e horas**

Festa do Pote



Sábado 17 de Marzo

Hora por concretar

DE COUSO GULÁNS A COUSO GALÁN

Foi un día calquera nunha conversa sen moita intención cando nos plantexamos o feito de por que non ir uns días de convivencia, de fin de semana a algún sitio, a algunha casa de turismo rural... Tiñamos no recordo o bo sabor de boca que nos deixou aquela excursión a Leiro e así sen pensalo moito púxemonos a organizalo. Bueno máis ben púxose Piño, que menudo traballiño levou para organizar e concretar todo...

E alá nos fomos de ***"Couso Guláns a Couso Galán"*** unha aldea rural situada na provincia de Ourense.

Eramos 18 e a verdade é que a fin de semana todos xuntos foi inmellorable, fixemos case de todo pero o que máis fixemos foi comer. Menudos pratos que preparaban naquel sitio, ben elavorados, cunha presentación exquisita e cun sabor que queda no recordo... e os desaiunos, mellor non falar deles porque se chegamos a ir unha semana en vez de dous dias máis dun acaballe coas existencias...

Fixemos unha chea de cousas, montamos a cabalo, uns mellor que outros claro, practicamos tiro con arco, ainda que máis que darlle a diana espetabamos a frechas nas alpacas de herba que tiñamos detrás.

Tamén tivemos tempo para ir de ruta turística e visitar o Castelo de Monterrei, unha fortificación de carácter medieval situada no concello de Monterrei e puidemos contemplar a beleza da súa arquitectura.

E así pasaron os dous días divertíndonos nenos e maiores, creando vínculo entre os que as veces andamos algo dispersos, e con tan bo sabor de boca, que dan ganas de volver.

Belén Groba Represas

AS TENDAS DE COUSO SON UN ANAQUIÑO DA HISTORIA DO NOSO BARRIO

Hai veces nas que a pequena historia dun pobo coma o noso, se pode escribir con só recordar cousas, esceas, momentos e anécdotas vividas, en tempos pretéritos; porque recordar é volver a vivir. E o noso barrio está cheo de vellas historias que moitos de nos, sobre todo os que xa peinan canas, ou os que non peinamos nada, vivimos na nosa infancia e xuventude. Por iso é bo que, de vez en cando votemos a mirada ao pasado e recordemos tempos vividos, sitios polos que pasamos, momentos máis ou menos gratos, ou persoas que coñecimos e que non esquencemos, para iso, para volver a vivir, que non todo na vida e presente ou futuro. Porque tamen o pasado forma parte da nosa historia, hoxe a miña memoria vai merodear por tempos dos xa, lonxanos anos sesenta, setenta, ochenta e noventa, e vamos a pasear pola Cancela do Curral, e imos entrar na tenda de Sra. Enriqueta e no bar de Ernesto, que foron un referente no barrio.

Para aqueles que non son nativos de Couso, para aqueles mais novos que descoñecian a existencia destes establecimentos e para aqueles que xa non somos tan novos, pero que descoñeciamos, a cronoloxía destas duas tendas, cabe decir, se a información é certa(que debe de ser) que a primeira tenda que abriu as suas portas foi a do finado do sr. Manuel Boente (o avó de Maribel) na planta baixa da casa que construira ao chegar de Venezuela (na actualidade é a vivenda da sua neta Maribel), posteriormente alugoulla a Antonio da Picoña quen a rexentou durante un tempo xunto con dous dos seus irmans e cando este finalmente a cerrou, fixose cargo de dito establecimento o xoven matrimonio formado por Enriqueta Represas e o finado Manuel Giráldez, que proviñan da Hermida do Confurco. Pasado o tempo e dado que tamen vivian alí, en dependencias anexas, de forma hacinada e achicada, decidiron comprarlle a finca da Cortella, a os esposos Divina Pino e ao finado Benigno Rodríguez, e foi aquí donde construiron a sua propia vivenda (na actualidade é a vivenda de Sra. Enriqueta) e donde abriron a sua propia taberna que foi inagurada en vísperas de San Cibran de Setembro do ano 1.969. Deste xeito a tenda que o finado Sr. Manuel Boente lle tiña alugada, volveu a quedar cerrada ata a cegada de Ernesto de Alemania, quen inagurou o local como bar e quen o traballou de forma moi exitosa durante un periodo de tempo ata que volveu a cerrar novamente. E xa nos derradeiros

anos foia finada de Carmen (a nai de Maribel e Eva) quen lle abriu de novo as portas durante un periodo de tempo ata que cerrou definitivamente a finais da década dos anos 80 ou principio dos anos 90. Pola sua banda a tenda de Sra. Enriqueta que sempre permaneceu aberta dende a súa apertura, cerrou definitivamente as sua portas o 31 de decembro de 1.994

Pola orde temporal en que se desenvolven os acontecimentos históricos, deducese que ambolosdous negocios, coincidiron abertos durante un largo periodo de tempo, e ainda que hoxe nos poida resultar sorprendente que un barrio pequeno como o de Couso, tivese duas tabernas, o certo e que os dous establecimentos tiñan traballo de abondo.

¿ qué ofertaban?

A oferta era ilimitada vendiase de todo, principalmente productos alimenticios tanto frescos como os que se despachaban a granel, leite, ovos, conservas, quesos, chourizos, froita, o pan fresco do Porriño (da panadería Erundina na tenda de Enriqueta e pan de Ponteareas da panificadora no bar de Ernesto), peixe fresco que traía Sra. Enriqueta, bebidas, productos de librería, droguería, sal para salar o porco, fariña, tercerilla e pensos para os animais, no bar de Ernesto creo recordar que incluso vendían carne e ademaís ambolas tabernas daban comidas (sobre todo no bar de Ernesto donde incluso se chogou a facer algún banquete de bautizo e 1ª Comunion, ainda que na tenda de sra. Enriqueta tamen se comia)¡e que comidas se comía en calquera dos dous lados!

A verdade é que tiñan de todo, incluso chegaron a ter unha máquina come cartos (tragaperras) as que se lle metía un duro (5 pesetas) de canto que ia rodando por unha rampa ata unhas paletillas que había no fondo as que había que golpear para obtelo premio, sendo de 20 duros, o maior.

Por aquelas datas (estou falando dos anos 70), antes de falecer o finado Manuel Giraldez ouVilajuan como o coñecían os vecinos (que era o marido de Sra. Enriqueta) e debido a que uns dos poucos coches que había no barrio era o Renault 8 que el tiña, e como non había teléfono,e non había forma de chamar a un taxi, él facía as funcións de taxista, levaba a quen o necesitase ao médico, a Ponteareas, a Porriño etc. Ademáis era unha persona encantadora e moi querida entre os veciños. Tamen por aquelas datas, ou quizais algo mais tarde, tamen se contrataba a Ernesto sobre todo para ir aos enterros, quen coa sua DKV como lle chamaban os vecinos (eu creo que era unha furgoneta Avia) recollia parte da xente que non tiña forma

de ir, non sin antes meter na mentada DKV unhas poucas de sillas que quitaba do bar e que facían de asiento os pasaxeiros. Tamen se contaba cos seus servicios para levar e buscar animais (por exemplo levar a Salceda a vaca ao boi, ir a buscar porcos, etc)

Unha das primeiras melloras, que tivo o barrio, aconteceu na década dos anos 80 (ano 81 ou 82, non podo precisar o ano) coa chegada do teléfono público, quen co número 640036 foi instalado nas dependencias da tenda de Sra. Enriqueta, enton xa podíamos falar por teléfono con calquera parte do mundo (sempre e cando funcionase porque moitas veces estaba averiado sobre todo no inverno cando cos temporais as polas das arbores caian enriba da liña que discurría polo monte). Este teléfono foi un gran adianto para o barrio pois en caso de chamar ou recibir algún encargo a mesma Sra. Enriqueta encargabase de pasarche o recado ao teu fogar.

Fenómeno social

Estes dous establecementos eran ademáis de tabernas, pequenos centros culturais donde a xente converxía para tomar un viño, un café ou unha cervexa e larear, para ver un evento deportivo sobre todo futbol, para xogar unha partida de cartas, para escoitar música e bailar.

Os sábados que había futbol, os dous locais ateigabanse de xente de Couso, de Xinzo, de Cans de Porriño, etc, posto que eran poucas as televisións as que había (en Couso era a única), ou no caso da xente que viña de afora era porque o partido de futbol na maior parte dos sitios non se miraba, enton desprazabanse ata aquí para poder velo.

O sábado pola noite e o domingo pola tarde eran os días fortes da semana, posto que o caron do televisor, xuntabase no local moita xente do barrio. O domingo pola tarde era o punto de xuntanza dos nenos, que mentres xogabamos, saboreábamos uns paquetes de galletas de coco ou tomabamos unha mirinda. Pero ademáis de todo isto, os domingos pola tarde – noite tiñamos unha actividade na tenda de sra. Enriqueta, que estaba organizada por Vilajuan quen puña o tocadiscos a tocar diante da tenda para que os veciños bailaran. (Esta actividade foi recordada fai pouco tempo pola Asociación Cultural San Martiño de Couso nun homenxe que se lle fixo a Manuel Giráldez-Vilajuan)

¿por qué cerraron as suas portas?

Este tipo de establecementos rurais, ao igual que outros moitos, veñen caendo en picado dende fai uns 20 anos debido a un forte competidor como son os supermercados que na maioria dos

casos venden a precios máis baratos, e que estes establecementos xeralmente de economía familiar non poden ofrecer e polo tanto pouco a pouco van desaparecendo a pesares de ofrecerlle aos seus clientes un trato máis personalizado e quizais máis humano.

Os meus recordos da infancia

Recordo con especial agarimo aqueles coropans (hoxe chamados phoskitos) que me compraba a finada de miña nai (a quen tanto voto de menos) na tenda de Sra. Enriqueta despois de ir a levar o leite a casa de Sra. Saladina do Retiro, tamen recordo especialmente cando paraba con meu pai a tomar algo, ou cando Lito, Berto Miguel e eu ao chegar do colexio iamos a comprar cromos ou calquera outra cousa a tenda de sra. Enriqueta, ou cando os domingos nos reuníamos a xogar, ou aquel partido de futbol da final do Mundial de España (ano 1.982) entre Italia e Alemania que vin no bar de Ernesto xunto con Carlos e Lolo.¡Que recordos!

En fin, que outro día daremos un novo paseo, para seguir recordando cousas e casos do noso querido barrio de Couso en tempos pasados.

Pablo Carballido

FESTIVAL COUSO 18 DECEMBRO DE 2011

Nunca puidemos imaxinar que co paso do tempo, aquel grupiño de persoas, ibamos chegar a donde chegamos. Un ano mais é xa son 12 (algún quedou polo medio sen facer) dende o 1999. Vamos día a día coordinando esforzos e ilusións para rematar co nerviosismo dos participantes, que é, directamente proporcional, as risas, dos que se achegan a disfrutar do espectáculo. Hai en cousas, que temos que mellorar, pero dende logo non cabe a mais mínima dúbida deque logramos o cometido polo que se empezou o festival, divertirnos, tanto os que estamos no escenario, como os que nos animades a que sigamos estando.

Actividades realizadas

O Domingo 25 de setembro realizouse a camiñata percorrendo o sendeiro da Ruta dos Montes de San Cibrán, do Barrio só foron José Luis, Lolo e Piño. Si participaron distintas persoas de San Xurxo, Picoña e Salceda.

O Sábado 12 de novembro tivemos a Festa de San Martiño, o tempo respetounos bastante ben. Dende aquí queremos dar as **GRACIAS,** a todas as persoas que botaron unha man, en especial por axudarnos a pedir, a Nemesio, Ernesto, Lolo e Lito; sin olvidarnos de Carlos que sempre está ahí.

O fin de semana do 25, 26 e 27 de novembro, un grupo de 16 persoas disfrutamos de unha convivencia en Couso – Galán. Fermosa aldea rehabilitada fai tres anos que recomendamos a visitedes.

O Domingo 18 de decembro tivemos o festival donde o recinto estivo a rebentar coas persoas que foron a velo. Reseñar e agradecer a colaboración do público na compra das rifas.